

*ANEXO III***XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO**

Don / Dona _____, con DNI nº _____, como responsable da casa subministradora de nome _____,

RECIBÍN:

no día da data, do presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de _____, a cantidad de _____ €, en concepto de pagamento do importe da factura nº _____, expedida o día _____.

_____, ____ de _____ de _____

Sinatura

Selo

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓN LABORAIS**

Corrección de errores.-Orde do 14 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Advertidos errores na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, do venres, 18 de marzo de 2005, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 4.637, na disposición adicional cuarta, onde di: «, e a conversión se produza con anterioridade á súa duración mínima inicial de 12 meses.», debe dicir: «, e a conversión se produza con anterioridade á duración mínima inicial do contrato obxecto de subvención.».

Na páxina 4.639, na base sexta punto 2 letra a), onde di: «Mulleres que se reincorporan ao mercado tras unha ausencia prolongada por motivos familiares.», debe dicir: «Mulleres que se reincorporen ao mercado de traballo tras unha ausencia prolongada dun mínimo de dous anos.».

Na páxina 4.641, na base décimo primeira punto 1, onde di: «... Documentos TC2...», «Cando se trate de empresas de nova creación...» e «Declaración complementaria...», debe dicir: «a) Documentos TC2...

- b) Cando se trate de empresas de nova creación...
- c) Declaración complementaria...».

Na páxina 4.642, na base terceira punto 1, onde di: «Contratacóns indefinidas iniciais...» e «Conversións en indefinidos...», debe dicir: «a) Contratacóns indefinidas iniciais...».

- «b) Conversións en indefinidos...».

Na páxina 4.643, na base cuarta parágrafo cuarto, onde di: «Contratacóns realizadas con traballadores...», debe dicir: «c) Contratacóns realizadas con traballadores...».

Na páxina 4.645, na base novena punto 1 nos dous últimos parágrafos, onde di: «Declaración da estrutura do cadre de persoal...» e «Declaración complementaria...», debe dicir: «d) Declaración da estrutura do cadre de persoal...

- e) Declaración complementaria...».

Os anexos incluídos nas páxinas 4.649 a 4.666 deben substituirse polos que se insiren a continuación.